



Concello de Monterroso

DECRETO 21/05/2019

No proceso selectivo convocado por Decreto de Alcaldía de data 02/05/2019 para a selección de persoal de carácter temporal dunha praza de técnico de turismo do Concello de Monterroso logo do anuncio publicado no BOP de 09/05/2019 núm .105,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- nomear os membros do tribunal de selección, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as e do exame correspondente á fase oposición, estará integrado polos seguintes membros, todos con voz e voto:

- Presidente: Dna. Blanca M^a Vázquez Enríquez.
- Secretario/a: Dna. María del Pilar Darriba Muñoz.
- Vogais: Dna. María del Sagrario López Moure.
Dna. Salome Santalla Carbajal.
D. José Luis Mato Vázquez.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

SEGUNDO. - Publicar o presente decreto no taboleiro de anuncios e na web www.monterroso.es.

Mándao e asíno o señor alcalde, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria-Interventora

Miguel Rico Gómez

Maria del Pilar Darriba Muñoz

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617